

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN

**17630** *Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 92 que a atención educativa directa ao alumnado do primeiro ciclo de educación infantil correrá a cargo de profesionais que posúan o título de mestre coa especialización en educación infantil ou o título de grao equivalente e, se é o caso, doutro persoal coa debida titulación para a atención ás nenas e nenos desta idade, e que o segundo ciclo de educación infantil será impartido por profesorado co título de mestre e a especialidade en educación infantil ou o título de grao equivalente e poderán ser apoiados, no seu labor docente, por mestras e mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran.

A Lei orgánica 2/2006, no seu artigo 93, indica que, para impartir as ensinanzas de educación primaria, será necesario ter o título de mestre de educación primaria ou o título de grao equivalente; así mesmo, sinala que a educación primaria será impartida por mestras e mestres, que terán competencia en todas as áreas deste nivel. O ensino de música, educación física, idiomas estranxeiros ou daqueloutras ensinanzas que determine o Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, serán impartido por mestras e mestres coa especialización ou cualificación correspondente.

O Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, establece o procedemento de ingreso e adquisición de novas especialidades no corpo de mestres.

E, por último, a disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006 encomenda ao Goberno, logo de consulta ás comunidades autónomas, a creación ou supresión das especialidades docentes, dos corpos aos cales se refire esta disposición.

Así pois, segundo o establecido nas normas anteriormente citadas e en virtude da competencia estatal recoñecida pola Constitución española para establecer as bases do réxime xurídico das administracións públicas e do réxime estatutario do funcionariado, para a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e para establecer normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, procede establecer as especialidades docentes do corpo de mestres, determinar o procedemento para adquirilas e precisar cales son as áreas que pode impartir.

Este real decreto establece as especialidades do corpo de mestres en termos similares aos recollidos, para os meros efectos da participación nos concursos de traslados de ámbito nacional, no anexo III do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e outros procedementos de provisión de prazas que deben ser cubertas por estes, ben que se introduce como novidade a creación da especialidade de «lingua estranxeira, alemán». Así mesmo régúlase, con carácter xeral, a asignación de materias a cada especialidade e os diferentes procedementos que permiten a súa adquisición.

Tamén supón unha movidade e merece ser destacada a exigencia de novos requisitos aos mestres de centros públicos e privados cuxos proxectos educativos comporten un réxime de ensino plurilingüe, aos cales se obriga a acreditar un nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as administracións educativas das comunidades autónomas a través da Conferencia Sectorial de Educación e as organizacións sindicais. Emitiron informe a Comisión Superior de Persoal, o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública e o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de novembro de 2011,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto:

- a) Establecer as especialidades docentes do corpo de mestres establecido na disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que desempeñará as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria.
- b) Asignar as áreas que poden impartir os que posúan cada especialidade.
- c) Regular a forma de adquirir as diferentes especialidades.

##### Artigo 2. *Especialidades docentes do corpo de mestres.*

1. As especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñará as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria son as seguintes:

- Educación infantil.
- Educación primaria.
- Lingua estranxeira: inglés.
- Lingua estranxeira: francés.
- Lingua estranxeira: alemán.
- Educación física.
- Música.
- Pedagogía terapéutica.
- Audición e linguaxe.

2. As propias da lingua cooficial naquelas comunidades autónomas que así o teñan regulado.

##### Artigo 3. *Asignación das áreas de educación infantil e de educación primaria ás diferentes especialidades.*

1. O profesorado do corpo de mestres coa especialidade de «educación infantil» impartirá todas as áreas do currículo de educación infantil. No segundo ciclo de educación infantil poderá ser apoiado, no seu labor docente, por mestras e mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran nas condicións que determinen as administracións educativas.

2. O profesorado do corpo de mestres coa especialidade de «educación primaria» terá competencia docente en todas as áreas deste nivel. Para impartir música, educación física, linguas cooficiais e linguas estranxeiras requirirase, ademais, estar en posesión da especialidade correspondente.

3. O profesorado do corpo de mestres coas especialidades das diferentes linguas estranxeiras, educación física e música, impartirá as áreas da súa especialidade e poderá impartir as áreas propias da especialidade de «educación primaria».

4. As comunidades autónomas que establecesen unha especialidade diferenciada para a súa lingua cooficial determinarán, no marco do establecido neste real decreto, as áreas que impartirá o profesorado correspondente.

5. O profesorado do corpo de mestres especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, ademais das atribucións específicas da súa especialidade, poderá impartir as áreas propias da especialidade de «educación primaria».

6. Os postos de traballo en unidades que agrupen alumnado de educación infantil xunto con alumnado de educación primaria serán ocupados indistintamente por persoal funcionario do corpo de mestres coa especialidade de «educación primaria» ou de «educación infantil».

#### Artigo 4. *Adquisición de especialidades.*

1. O persoal funcionario do corpo de mestres adquirirá a correspondente especialidade tras a superación do procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres regulado no Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

2. Os funcionarios do corpo de mestres poderán adquirir outras especialidades polas seguintes vías:

- a) Por superar un proceso de adquisición de novas especialidades regulado nos artigos 52 e seguintes do Real decreto 276/2007.
- b) Por estar en posesión das titulacións ou requisitos que figuran no anexo.
- c) Por impartir as áreas propias da especialidade de educación primaria durante tres anos, a partir da entrada en vigor deste real decreto, e en máis do 30 por cento do seu horario, nos supostos descritos nos puntos 3 e 5 do artigo 3, adquirírase a especialidade de educación primaria.

#### Disposición adicional primeira. *Equivalencia entre especialidades.*

1. As especialidades do corpo de mestres recoñecidas conforme a normativa anterior consideraranse equivalentes ás establecidas no artigo 2 deste real decreto que teñan a súa mesma denominación.

2. O persoal funcionario do corpo de mestres das especialidades de «educación primaria», «idioma estranxeiro: inglés» e «idioma estranxeiro: francés», queda adscrito ás especialidades de «educación primaria», «lingua estranxeira: inglés» e «lingua estranxeira: francés», respectivamente.

3. O persoal funcionario do corpo de mestres terá recoñecidas as especialidades establecidas neste real decreto para as que estivese habilitado no momento de entrada en vigor deste real decreto.

#### Disposición adicional segunda. *Ensinanzas en lingua estranxeira en educación infantil.*

As administracións educativas regularán os requisitos de formación engadidos que se lle exixirán ao persoal funcionario do corpo de mestres especialista en educación infantil para impartir nunha lingua estranxeira as ensinanzas desta etapa nos centros cuxos proxectos educativos comporten un réxime de ensino plurilingüe. Os ditos requisitos acreditarán, a partir do curso académico 2013/2014, cando menos, competencias dun nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, na lingua estranxeira correspondente.

#### Disposición adicional terceira. *Ensinanzas en lingua estranxeira en educación primaria.*

As administracións educativas regularán os requisitos de formación engadidos que se lle exixirán ao persoal funcionario do corpo de mestres para impartir nunha lingua estranxeira unha área distinta á da dita lingua, en centros cuxos proxectos educativos comporten un réxime de ensino plurilingüe. Os ditos requisitos, a partir do curso académico 2013/2014, acreditarán, cando menos, competencias dun nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, na lingua estranxeira correspondente.

Disposición adicional cuarta. *Docencia noutras ensinanzas.*

1. O persoal funcionario do corpo de mestres poderá impartir docencia excepcionalmente nos módulos formativos de carácter xeral dos programas de cualificación profesional inicial nas condicións que se determinen.

2. O persoal funcionario do corpo de mestres das especialidades de «pedagogía terapéutica» e «audición e linguaxe», poderá desempeñar funcións de atención á diversidade en educación secundaria.

Disposición transitoria primeira. *Funcionarios do corpo de mestres que impartían ensinanzas na educación básica para persoas adultas.*

1. O profesorado do corpo de mestres que, con anterioridade á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estivese ocupando praza definitiva nun centro de educación de persoas adultas e impartise docencia, cando menos un curso escolar, na educación secundaria para persoas adultas, no nivel equivalente a 1.º e 2.º de educación secundaria obrigatoria, poderá continuar nos ditos postos indefinidamente, así como exercer a súa mobilidade en relación coas vacantes deste nivel que, para tal fin, determine cada Administración educativa.

2. Así mesmo, poderá exercer a súa mobilidade a prazas ou postos de educación infantil e primaria para os que estea habilitado e, en caso de obtelas, perderá toda opción a futuras vacantes na educación secundaria para persoas adultas, no nivel equivalente a 1.º e 2.º da educación secundaria obrigatoria.

Disposición transitoria segunda. *Prazo extraordinario de recoñecemento de especialidades.*

1. O persoal funcionario do corpo de mestres que no momento da entrada en vigor do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes, reunía os requisitos exixidos para se habilitar para algunha especialidade das reguladas neste real decreto, disporá dun prazo de tres meses, a partir da entrada en vigor deste real decreto, para solicitar o recoñecemento da dita especialidade.

2. Durante este prazo extraordinario, o recoñecemento da especialidade realizarase de acordo coa normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, é dicir, o Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, que regulou a provisión de postos de traballo dos colexios públicos de preescolar, EXB, e educación especial, e a Orde Ministerial do 19 de abril de 1990 que creou o posto de traballo de EXB-Educación musical e estableceu o procedemento para recoñecer a habilitación para ocupar eses postos.

3. Así mesmo, o persoal funcionario que supere cursos de especialización homologados para a habilitación, iniciados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, antes mencionado, poderá solicitar o recoñecemento da especialidade correspondente cando finalicen os correspondentes cursos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional quinta «Especialidades do corpo de mestres» e o anexo III do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e outros procedementos de provisión de prazas que deberán ser cubertas por estes, así como as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das regras 18.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que lle reservan ao Estado a competencia para establecer

as bases do réxime estatutario dos funcionarios e as normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación e aos órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias respectivas, ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,  
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

### ANEXO

#### Requisitos para a adquisición de novas especialidades polo procedemento previsto na letra b) do artigo 4.2

Especialidade	Titulacións ou requisitos
Educación infantil	Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación infantil. Mestre especialidade de educación infantil (Real decreto 1440/1991). Diplomado en profesorado de educación xeral básica especialidade de preescolar. Especialidade en educación preescolar ou en pedagogía preescolar das licenciaturas de filosofía e letras (sección ciencias da educación) ou de filosofía e ciencias da educación (sección ciencias da educación).
Educación primaria	Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria. Mestre especialidade de educación primaria (Real decreto 1440/1991). Mestre (Real decreto 1440/1991) en calquera das súas especialidades. Diplomado en profesorado de educación xeral básica en calquera das súas especialidades. Mestre de primeiro ensino (Plan de estudos de 1967). Mestre de ensino primario (Plan de estudos de 1950).
Música	Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria, que inclúa unha mención en música. Título de graduado ou graduada no ámbito da música. Mestre especialidade de educación musical (Real decreto 1440/1991). Título superior de música da Lei 1/1990, do 3 de outubro, ou titulacións declaradas equivalentes para efectos de docencia. Licenciado en musicoloxía ou en historia e ciencia da música. Título profesional de música da Lei orgánica 1/1990, ou da Lei orgánica 2/2006.
Educación física	Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria, que inclúa unha mención en educación física. Título de graduado ou graduada no ámbito da actividade física e do deporte. Mestre especialista de educación física (Real decreto 1440/1991). Licenciado en educación física. Diplomado en educación física.

Especialidade	Titulacións ou requisitos
Lingua estranxeira (francés, inglés, alemán)	<p>Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria, que inclúa unha mención en lingua estranxeira e a acreditación do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.</p> <p>Títulos de graduado ou graduada no ámbito dunha lingua estranxeira no idioma correspondente.</p> <p>Mestre especialidade de lingua estranxeira (Real decreto 1440/1991).</p> <p>Diplomado en profesorado de educación xeral básica especialidade de filoloxía.</p> <p>Certificado de nivel avanzado ou certificado de aptitude da escola oficial de idiomas correspondente.</p> <p>Licenciado en filoloxía do idioma correspondente.</p> <p>Diplomado polas escolas universitarias de idiomas (tradutores e intérpretes) no idioma correspondente.</p>
Pedagogía terapéutica	<p>Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria, que inclúa unha mención en pedagogía terapéutica ou aquelas outras mencións cuxo currículo estea especificamente relacionado coa atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.</p> <p>Mestre especialidade de educación especial (Real decreto 1440/1991).</p> <p>Diplomado en profesorado de educación xeral básica especialidade educación especial.</p> <p>Licenciado en psicopedagogía.</p> <p>Licenciado en filosofía e letras, sección de pedagogía, subsección de educación especial, ou equiparación correspondente, de acordo co disposto na Orde do 7 de novembro de 1983 («Boletín Oficial del Estado» do 11).</p>
Audición e linguaxe	<p>Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de mestre en educación primaria, que inclúa unha mención en audición e linguaxe.</p> <p>Título de graduado ou graduada que habilite para o exercicio da profesión regulada de logopeda.</p> <p>Mestre especialidade de audición e linguaxe (Real decreto 1440/1991).</p> <p>Diplomado en logopedia.</p>